



Expediente núm.: 2019/C003/000008

Código de obra: 19.2100.0066.0

Contrato: obras

Plano: POS+2019

Procedemento: procedemento aberto simplificado

Obra: *Reparación asfáltica viales en la parroquia de San Pedro de Cícere*

Asunto: providencia inicio expediente

Providencia de inicio de expediente de obras

FEITOS

O Pleno da Deputación provincial da Coruña na sesión realizada o 28/09/2018 aproba as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos, (POS+2019), (BOP núm. 188, do 02/10/2018).

O Pleno da Corporación municipal na sesión do 17/12/2018 aproba o POS+2019 no que se inclúe, entre outros, o proxecto da obra *Reparación asfáltica viales en la parroquia de San Pedro de Cícere*.

O proxecto foi redactado polo enxeñeiro técnico industrial, externo, Jesús Manuel Mallo Puga, colexiado núm. G-1178 do COETICOR, cun orzamento de 37.242,90 € €. O prazo de execución é de 2 semanas.

O Pleno da Corporación provincial da Coruña na sesión realizada o 26/04/2019 aproba o POS+2019 que inclúe a obra mencionada.

O , a Deputación provincial da Coruña comunica, de xeito telemático e na plataforma *Subtel*, a circular referente á aprobación do POS+2019.

O 31/05/2019, a Deputación provincial da Coruña, de xeito telemático e na plataforma *Subtel*, a circular complementaria de aprobación definitiva do POS+2019.

1 Obxecto do contrato (art. 99 LCSP)

A execución das obras que abrangue o proxecto: *Reparación asfáltica viales en la parroquia de San Pedro de Cícere*.

Orzamento de contrata	37.242,90 € € (21 % incluído)
Prazo de execución	2 semanas
Redactor do proxecto	Jesús Manuel Mallo Puga, enxeñeiro técnico industrial
Colexiado núm.	G-1178 do COETICOR
Aprobación proxecto	Pleno da Corporación municipal do 17/12/2018 Pleno da Deputación A Coruña do 26/04/2019
Implantación do proxecto	decembro de 2018
CPV	45233223-8: <i>traballo de repavimentación de calzadas</i> .

2 Descrición da situación actual

No proxecto técnico se describe a situación actual:



“Se trata de dos viales ubicados dentro la parroquia de San Pedro de Cícere, en el lugar de Cícere y en el lugar de Mallón, respectivamente, los cuales presentan una situación previa idéntica actualmente en capa de rodadura en riegos asfálticos, con un evidente estado de deterioro, totalmente bacheadas en su totalidad, debido al mal estado de mantenimiento del firme, así como a una mala canalización de las aguas pluviales debido a la falta de un drenaje adecuado en el vial por la ausencia de cunetas libres de maleza con la sección suficiente.

El objeto del presente proyecto es el de definir y cuantificar las obras necesarias para la reparación asfáltica de los dos viales ubicados dentro la parroquia de San Pedro de Cícere, en el lugar de Cícere y en el lugar de Mallón, respectivamente, proyectándose la misma actuación para ambos viales:

- Limpieza de cunetas, con escarificado de la totalidad de la explanada existente en riegos asfálticos y macadam, para posteriormente extender una nueva base de firme en macadam compactado, y finalmente proceder al extendido de un triple tratamiento con riego asfáltico semiprofundo bituminoso, riego superficial y riego de sellado sobre la totalidad de las explanadas de actuación”.

3 Finalidade que se persegue

a) a finalidade fundamental que se persegue é o cumprimento e a realización dos fins municipais que sinalan os artigos da Lei de bases de réxime local e a Lei de administración local de Galicia como competencias propias e dos servizos mínimos:

- o artigo 25.1 da LBRL e o artigo 80.1 da LALGA: promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicas que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños:
- o artigo 25.2 da LBRL:
 - d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- o artigo 80.2.d da LALGA: a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais;
- o artigo 81 da LALGA: acceso aos núcleos de poboación, pavimentación e conservación das vías públicas.

b) Os obxectivos específicos do contrato constan na xustificación técnica do proxecto:

“Las obras objeto de este Proyecto consisten en la reparación asfáltica de dos viales ubicados dentro la parroquia de San Pedro de Cícere, en el lugar de Cícere y en el lugar de Mallón, respectivamente, ejecutándose la misma actuación en ambos.

1- LIMPIEZA DE CUNETAS

- Roza mecanizada en márgenes, mediante desbrozadora de brazo acoplada a tractor de ruedas.

- Limpieza de cunetas con retroexcavadora.

2- REPARACIÓN ASFÁLTICA

- Escarificado profundo de terreno existente mediante retroexcavadora, de un mínimo de 15 cm de profundidad hasta un máximo de 30 cm, incluso rasanteado, humectación y compactación, sobre la totalidad de la explanada existente de los viales

- Base de firme de macadam con piedra 32/63 mm, medido una vez extraído, transportado, extendido con retroexcavadora y compactado hasta la densidad máxima exigida del 100% del Ensayo Proctor Normal o del 96% del Ensayo Proctor Modificado, sobre la totalidad de la explanada existente de los viales - Tratamiento semiprofundo bituminoso con una dosificación de 3,5kg/m² de emulsión C69B3 TRG (ECR-3) y saturado con 20l/m² de gravilla 12/16mm, sobre la totalidad de la explanada existente de los viales.

- Riego superficial con dotación de 2 Kg. de C69B3 TRG (ECR-3) saturados con 10 litros de grava miúda tipo 5/8, debidamente compactado, en la totalidad de la superficie de rodadura de los viales.

- Riego de sellado con dotación de 1,5 Kg. de C69B3 TRG (ECR-3) saturados con 5 litros de arena lavada, todo debidamente compactado, en la totalidad de la superficie de rodadura de los viales.

A contratación deste investimentos mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente realizar os fins do Concello.



4 Xustificación da necesidade da contratación (artigo 28 e 116 e da LCSP)

A natureza, a extensión das necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato de obras que se tramita, a idoneidade do seu obxecto e o contido para satisfacelas, se especifican e xustifican na memoria do proxecto de obras en todo caso. Tamén na memoria xustificativa e nesta providencia de inicio (para os efectos esixidos no artigo 28 da LCSP).

O departamento de Contratación tramitará o expediente de contratación coas características indicadas nesta providencia.

5 Marco normativo

- Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as disposicións adicionais segunda, terceira e décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (artigos vixentes despois da entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).
- As Bases reguladoras do Plano provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos 2019, (POS+2019). que aprobou o Pleno da Deputación provincial da Coruña na sesión realizada o 28/09/2018 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 188 de 02/10/2018.
- Os pregos de cláusulas administrativas particulares, (PCAP), referente ao procedemento aberto *simplificado con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática* comprendidas en planos provinciais e outras obras provinciais, que aprobou a o Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión realizada o 25/05/2018 (BOP núm. 101 do 30/05/2018).
- As circulares e instrucións da Deputación provincial da Coruña referentes a este plano.

6 A análise técnica. As consideracións técnicas e requirimentos

Consta no proxecto técnico aprobado que tamén inclúe as prescricións técnicas.

7 Prezo do contrato, valor estimado do contrato e financiamento (art. 101, 102, e 116.d da LCSP)

Prezo do contrato		Financiamento e retención de crédito	
Valor estimado do contrato	30.779,26 € €	Estado	0,00 € €
IVE	6.463,64 € €	Xunta de Galicia	0,00 € €
Total	37.242,90 € €	Deputación A Coruña	37.242,90 € €
		Fondos propios	0,00 € €
Partida orzamentaria	453.619.00	Retención de crédito	
Núm. Operación		Referencia núm.	

A financiación deste contrato se realiza con aportacións de distinta procedencia. No expediente se acredita a plena dispoñibilidade de todas as aportacións. Non se inclúe unha garantía para a súa efectiva, xa que logo quedan exonerados da constitución de garantía, salvo previsión expresa en contrario nas bases reguladoras, as administracións públicas, os seus organismos vinculados ou dependentes e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal, así como análogos entidades das comunidades autónomas e das entidades locais (artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións - BOE núm. 176 do 25/97/2006-). Tamén no deber de colaboración entre as administracións públicas, e as técnicas a través das cales este deber se materializa, artigos 141-142 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (BOE núm. 236 do 02/10/2015).



8 Análise do Procedemento

8.1 A xustificación da elección do procedemento

O procedemento elixido: procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática).

- O contrato da obra non está suxeito a regulación harmonizada xa que logo o valor estimado non é igual ou superior a 5.225.000 € (artigo 20.1 da LCSP).
- A adxudicación realizarase, ordinariamente, usando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor calidade-prezo, e usando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido, salvo os contratos de concesión de servizos especiais do anexo IV, que se adxudicarán mediante este último procedemento (artigo 131.2 da LCSP).
- O órgano de contratación poderá acordar o uso dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras, ao abeiro do artigo 159 da LCSP, cando se cumpran as dúas condicións:
 - a) Que, o seu valor estimado sexa igual ou superior a 2.000.000 €;
 - b) Que, entre os criterios de adxudicación non haxa ningún avaliable mediante un xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o 25 % do total.
- No procedemento aberto todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).
- Non se atende única e exclusivamente ao prezo máis baixo. A adxudicación dos contratos ser realizará usando unha pluralidade de criterios de adxudicación na base da mellor relación calidade-prezo (artigo 145 da LCSP).
- A mellor relación calidade-prezo se avaliará de acordo a criterios económicos e cualitativos (artigo 145.2 da LCSP). Os criterios cualitativos poderán incluír aspectos ambientais ou sociais, vinculados ao obxecto do contrato.
- A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos contratos nos que o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no prazo de execución (artigo 145.3.b da LCSP).
- O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que se usará é o que aprobou o Pleno da Deputación provincial da Coruña, en sesión realizada o 25/05/2018 (BOP núm. 101 do 30/05/2018), xa que logo a obra está incluída nun plan provincial e foi delegada a contratación neste concello. Nos pregos mencionados se determinan os criterios de adxudicación e a valoración que a realizarán os órganos de contratación municipais.
- A tramitación: ordinaria.
- Para os efectos do cumprimento dos principios de publicidade, concorrência e competitividade, o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática anunciarase no Perfil de Contratante municipal (artigo 156.6 da LCSP e a cláusula 10 do PCAP).

8.2 Cualificación do contrato

Contrato de obras (artigo 13 da LCSP).

8.3 Análise de execución, ou non, por lotes (art. 116 g da LCSP)

O contrato desta obra non se executará por lotes.

Lémbrase que cada investimento debe ser adxudicado a un único licitador, sen posibilidade de división en lotes, de acordo co establecido no parágrafo 5 da Base 2.3 reguladora do POS+19 e de acordo co contido dos Anexos V e IX xa presentados por este concello en cada investimento.



8.4 Duración

2 semanas

8.5 Revisión de prezos

A duración da obra é inferior aos dos anos. Por iso, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

8.6 Clasificación. Medios de acreditar a solvencia técnica, económica e financeira (art. 116 b da LCSP)

Non se esixe clasificación de contratistas, tendo en conta o valor estimado deste contrato de obras, ao abeiro do artigo 77.1 da LCSP.

A clasificación para acreditar/substitúe a solvencia:

Grupo : **G** (viarios e pistas)
Subgrupo : **6** (obras viarias sen cualificación específica)
Categoría : **1** (se á contía é inferior a 150.000 €)

Equivalencia con categoría Real decreto 1098/2011 válida para presentar ofertas antes do 01/01/2020: **G-6-1 / G-6-A**

Se a empresa non estiver clasificada deberá acreditar a solvencia mediante a achega da documentación prevista no prego de tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación provincial da Coruña na sesión realizada o 25/05/2018 (BOP núm. 101 do 30/05/2018):

"7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a.1 Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) *volumen anual de negocios, ou ben volumen anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se o volumen de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.*

b) *Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaón de aprobación de contas anuais.*

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) *xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato*

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) *Volumen de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.*

b) *Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.*

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3.LCSP).



7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) *Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.*

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña, directa ou indirectamente, o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) *Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.*

c) *Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente dela.*

d) *O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no anexo V.*

e) *Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.*

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2. Regra específica para as empresas de nova creación :

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para realizar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

8.7 Criterios base para a adxudicación do contrato (artigo 116.c da LCSP). Criterios sociais e medioambientais (artigo 1.3 e 145 da LCSP)

O procedemento elixido: procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática).

A obra ao estar incluída no POS+2019 da Deputación provincial da Coruña os criterios de ponderación e valoración do contrato son os recollidos no anexo IV do prego de cláusulas administrativas que aprobou o organismo provincial na sesión realizada o 25/05/2018 (BOP núm. 101 do 30/05/2018):

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicarse esta circunstancia.

1º.- Para cada contrato específico o órgano de Contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración.

2º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida a 100 puntos.

3º De conformidade co disposto no art. 159 LCSP a suma dos criterios determinantes de xuízo de valor non poderán superar os 25 puntos.

FASE I

A) CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

a) **Plan de control de calidade** (cláusula 12 e 15)



Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Puntuación específica para este contrato:

2 puntos

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

b) **Programa de traballo** (cláusula 12 e 15):

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos pre-existentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se han realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc.)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se han empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por riba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por riba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares

Puntuación específica para o presente contrato:

19 puntos

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 12 e 15):

Valorarase

- análise correcta da relación da obra co medio
- análise correcta das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais que se han empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético que se han adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se han adoptar ao final da obra
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se han realizar
- descrición adecuada das entulleiras e centros de xestión de residuos
- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

Puntuación específica para este contrato:

2 puntos



CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

d) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12 e 15):

Puntuación específica para o presente contrato:

2 puntos

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

II.1. OFERTA ECONÓMICA

Oferta Económica:

Puntuación específica para este contrato:

5 puntos

De acordo coa fórmula elaborada, a pedimento da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC, a súa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Puntuación específica para o presente contrato:

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha maior porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal recibirá a máxima puntuación; o resto dos licitadores puntuaranse proporcionalmente.

Non se valora

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Puntuación específica para o presente contrato:

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha maior porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal recibirá a máxima puntuación; o resto dos licitadores puntuaranse proporcionalmente.

Non se valora

II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

10 puntos



Puntuación específica para o presente contrato:

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

A empresa que conte con plan de igualdade obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

II.4 INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA

60 puntos

Puntuación específica para o presente contrato:

Daráselle a máxima puntuación ao licitador que oferte o maior incremento do prazo de garantía e ao resto dos licitadores asignaráselle a puntuación que corresponda como consecuencia da aplicación da proporción correspondente á súa oferta.

Só se valorarán a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 5 anos (é dicir, o prazo inicial de 1 ano máis 4 anos).

Se algunha oferta presenta maior prazo de garantía do previsto no parágrafo anterior terán 0 puntos. No entanto, aínda que se puntué con 0 puntos, caso de resultar adxudicatario, a empresa deberá cumprir o prazo de garantía máximo de 5 anos.

II.5 - REDUCCION DE PRAZOS (CRITERIO DE CARÁCTER ESPECIFICO SÓ APLICABLE A AQUELES CONTRATOS NOS QUE QUEDE ESPECIFICADO NA EPÍGRAFE 6 DO CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (ANEXO I).

Proposta de redución de prazos de execución (cláusula 12 do presente prego):

Non se valora

Puntuación:

Non se admitirán reducións de prazo superiores a un 50% e as que incorran nesta circunstancia terán 0 puntos. No entanto, aínda que se puntuán, con 5 puntos as ofertas anteriormente indicadas, caso de resultar adxudicatario deberán executar a obra co 50% de redución do prazo.

Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

Puntuación máxima

Calcularase, en primeiro lugar, a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas.

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se ha adxudicar por este concepto.

Desta forma que, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderá un máximo de 2 puntos; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 4 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 10 puntos.

Proceso de puntuación

A continuación, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.

Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que igualem a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima. Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.


Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto lle correspondan.

Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.

Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

9 Outros datos de interese

Obra incluída no POS+2019 da Deputación provincial da Coruña.



De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que, o departamento de Contratación incorporará ao expediente os documentos que establecen os artigos 116 e 236 da LCSP:



- a) a elección do procedemento de licitación;
- b) a clasificación que se esixa aos participantes;
- c) os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo;
- d) o valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custes laborais se existisen;
- e) a necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional;
- f) nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios;
- g) a decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.
- h) a acreditación da dispoñibilidade de todo o financiamento de distinta procedencia;
- i) a implantación do proxecto (realizada a implantación incorporárase o proxecto ao expediente de contratación).

Santa Comba, 11 de xuño de 2019

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

(Documento que se asina electronicamente)